DE L'AMOR PER LA PARAULA:
Estudis en homenatge al professor José Enrique Gargallo Gil
2026, pp. 281–292, https://memoriadelcor.org

O LÉXICO DO MAR EN *ANTÓN E OS INOCENTES* DE X. L. MÉNDEZ FERRÍN

Francisco FERNÁNDEZ REI
Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCIÓN

A novela *Antón e os inocentes*, rematada no Nadal do 1970 no penal cántabro de El Dueso e publicada no 1976, trata a iniciación sentimental dos mozos Alberte Fernández Comesaña, Berto, e Lionarda Miguez, Narda, no Vigo da década de 1950, que contan a historia das súas familias: o pai de Berto é un mariñeiro con raíces na ría da Arousa, na comarca do Barbanza, e a nai é do barrio vigués de Coia; Narda procede dunha familia de zapateiros ourensáns de Vilanova dos Infantes (Celanova). Entre as dúas historias intercálase a de Antón Carballo, curmán da nai de Narda, desertor da guerra española do 1936 e mercenario no exército francés na guerra de Indochina contra o Viet Mihn.

Na obra está moi presente o Vigo portuario, a súa ribeira e o barrio de Bouzas, de onde saían os barcos para pescar no Gran Sol, e o Bouzas dos estaleiros navais. E están as tabernas mariñeiras da beiramar con cheiro a peixe fritido e algún areal vigués onde Narda lembra ter sido feliz con Berto na silenciosa presenza de tres gamelas varadas na area.

Outro mar da novela é o da Arousa e a Guerra da Traíña, que tivo lugar entre 1897 e 1905 despois de chegaren do Cantábrico á costa galega as veloces *traiñeiras*, que pescaban a sardiña co aparello do cerco de xareta, de estrutura semellante á antiga arte da *traíña*, pero máis pequena. Os conserveiros cataláns (e os fresqueiros exportadores de peixe) apoiaron a pesca da sardiña con ese barco, porque nun lance

o seu aparello podía coller 50 cestas de 100 quilos fronte ás oito da tradicional arte do *xeito* das dornas e das lanchas xeiteiras.

As protestas iniciáronse na ría de Vigo, con Cangas como mascarón de proa, e radicalizáronse na ría da Arousa, onde había o maior número de mariñeiros que andaban ó xeito. O autor recrea ese conflito ó contarlle Berto a Narda a historia da súa familia arousá, «estirpes requeimadas do norte, encalecidas da liña, enceguecidas da profunda ollada-laser que fura ceo, augas, pedras, lama. E, finalmente, comprometidas na guerra da Traíña» (Méndez Ferrín 1976: 10-11). Os xeiteiros enfrontáronse a xente que viña de Blanes e doutras vilas da costa catalá, cos seus nomes ó vento (Martí, Romaní, Roura) a xeito de divisas de conquista; e perderon a guerra contra a burguesía conserveira chegada de Cataluña, porque «os de abaixo, adoito, perden. O peixe, dinamitado, deulle sebo ás canelas, costeou a Lanzada — alamparía a lúa, ao millor, sóbor das dunas—, perdeuse nas estradas segredas dos océanos (…). E tras a fuxida do peixe, a Arousa levou áncoras, veu a diáspora dos homes. Dos meus, Narda» (Méndez Ferrín 1976: 33).

A familia de Berto e outras derrotadas na Guerra da Traíña emigraron a Trintxerpe (Pasaia), onde os mariñeiros galegos, proletarizados, traballarán na pesca de altura no Gran Sol, mentres que os vascos continuarán como mariñeiros de baixura, agás na costeira do bonito. Na novela trátase o medre desa comunidade galega, o papel das mulleres e a intensa actividade sindical dos mariñeiros, moitos deles entusiastas da utopía cenetista, que na II República converteron Trintxerpe na "meca do *soviet rojo*" en Euskadi.[1]

Mortos os avós de Berto, seu pai volveu a Galicia, a Bouzas, para facerse patrón de costa e traballar no Gran Sol. Berto fálalle a Narda das *praias* deste caladoiro en que pescaba seu pai, algunhas con nomes como *Mar das Galiñas* ou *Cona da Vella*, bautizadas polos mariñeiros galegos que as descubriron.

2. LÉXICO MARIÑEIRO

Nesta contribución á homenaxe ó amigo José Enrique Gargallo vou tratar o léxico do mar de *Antón e os inocentes*, agrupando, entre outras, as denominacións do peirao, das embarcacións, dos aparellos de pesca, dos ventos e do movemento da auga do mar, das grandes pedras, da flora e da fauna.[2] Manexei a concordancia da 2ª ed. da obra (Méndez Ferrín 1986), fornecida por Antón Santamarina, que a introducira no TILG, e contrastei o léxico mariñeiro co das outras edicións (Méndez

[1] Sobre a comunidade galega de Trintxerpe *vid.* Pereira (2010: 213-235).
[2] Neste traballo reviso e amplío considerablemente o léxico mariñeiro de Fernández Rei (2025).

Ferrín 1976, 1989 e 2019), que practicamente coincide. Hai algunha variación léxica, especialmente na ed. última.[3]

Consultei no TILG, corpus histórico de textos galegos modernos e contemporáneos con arredor de 30 millóns de formas gráficas, lematizadas e anotadas con etiquetas morfosintácticas, o léxico do mar da novela e indico se un termo figura entre as tres primeiras obras do corpus.[4] No TILG figura a 2ª ed. (1986), e non a 1ª (1976); pero dado que entre 1976 e 1985 figuran nese corpus varias obras con mar que fan que bastantes termos da novela de Méndez Ferrín non aparezan entre as tres primeiras documentacións; subsano iso tendo sempre en conta a data de 1976 para a novela de Méndez Ferrín.[5]

2.1. *Molle* e *peirao*

A construción da beiramar, que xeralmente forma parte do porto, usada para abrigo dos barcos ou para embarque e desembarque de persoas e mercadorías, denomínase na novela co catalanismo *molle* (7, 3ª doc.). Refírese ó porto de Vigo («barullo dos *molles* de pesca», «púxoos no *molle*, niste *molle* de Vigo», «todos polo *molle*, sin nos falar»), a portos arousáns («*molles* de Ribeira, ou da Póboa, ou de Cambados») ou ós portos irlandeses de Bantry e Castletown («*muelle* [sic] de pivotes de madeira de Bantri, ou de Castretón»).[6]

Tamén se emprega o sinónimo *peirao*s («e non sabía ela hastra qué punto amados, os *peiraos* da Ribeira»)[7], termo documentado no TILG desde 1853 na obra do pontevedrés Pintos, que usa a variante *peirán* no 1858. Nos escritores da ría da Arousa, o cambadés Cabanillas usa *peirao*, pero *peirán*[8] os rianxeiros Dieste, Manuel Antonio e Castelao.

---

[3] De haber máis dunha ocorrencia, ponse entre parénteses o número: *mariñeiro* (17). Cando hai nomes en singular e plural dun mesmo termo, agrúpanse na forma en singular; e de haber varias formas verbais, agrúpanse co infinitivo. As citas son sempre da 1ª ed. (1976), e a cursiva dos exemplos é da miña autoría.

[4] Engado as abreviaturas 1ª doc., 2ª doc. 3ª doc. despois de cada termo, p. e., *arca* (1ª doc.) e *colla* (2ª doc.). No caso de *molle* (7, 3ª doc.), a abreviatura figura despois do número de ocorrencias.

[5] No *Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGA)* <https://corpus.cirp.es/corga/> a obra concordada foi a edición de *Antón e os inocentes* do 1976.

[6] Na 1ª ed. hai 6 ocorrencias de *molle* e unha do castelanismo *muelle* (p. 95), pero nas outras edicións sempre *molle*. Das 21 ocorrencias desta entrada no TILG, 13 son de obras de Méndez Ferrín.

[7] Refírese á ribeira de Vigo. En todas as edicións aparece esta Ribeira con maiúscula.

[8] Na Illa da Arousa é termo xenérico para referirse a un puntal rochoso que serve de embarcadoiro natural, como o *Peirán da Ría* na praia de Riasón. En Vilanova da Arousa existiu a enseada do *Peirán*, que desapareceu polos recheos da beiramar (Domínguez García 2025: 123).

As dársenas do porto onde se cargan ou descargan mercadorías denomínanse co anglicismo *docks* (3ª doc.),[9] que en obras posteriores de Méndez Ferrín é *doca*. O grupo de estibadores do porto, dos pesqueiros ou dos mercantes, é a *colla* (2ª doc.): («Viña de tomar uns bocks en Joaquín, cos traballadores da *colla*»).

2.2. Homes e mulleres do mar

Rexístrase o xenérico *mariñeiro* (17) —e os adxectivos *mariñeiro* (3) e *mariñeira* (5)—, e o sinónimo *pesco* (2), documentado este en Sarmiento no 1746 e usado hoxe frecuentemente con sentido pexorativo pola xente que non é da beiramar. Os mariñeiros que andan ó mar coa traíña son *traiñeiros*.

O mariñeiro galego cobre a cabeza con *pucha* e o mariñeiro vasco con *chapela* (1ª doc.), e os dous andan vestidos de *mahón* (6). Viste *roupa de augas*, con *suleste* 'sueste' na cabeza, anda con *botas de augas* (2), fai *caldeirada* de peixe («nunha praia abrigosa antre a néboa, mentres cocía nun pote a *caldeirada*») e cobra o *quiñón*, froito do reparto das ganancias da pesca («creouse un proletariado adicto, a base de manteren aos homes todo o ano con catro codias de pan e un mísero *quiñón*»).

O termo *patróns* aparece referido á pesca de baixura, e para a de altura rexístrase *armador* (7), *tripulación*, *patrón de costa* (4, 2ª doc.) e *patrón de pesca* (4), que «ordea todo. É un axente do armador, abordo. Vixía sóbor dos homes, decide, executa».[10] A expresión *quedar en terra* non ten o sentido xeral de perder o barco á hora de marchar para o mar, senón ser despedido dun barco («*Quedas en terra* ao chegarmos a Bouzas»).

A muller que vende o peixe é a *peixeira*, que o carrexa e pon á venda nunha *patela* (2).

2.3. Embarcacións

O termo popular *barco* (7) (e diminutivo *barquiños*) ten como sinónimo *embarcación* (2) referida á *traíña* (13) e a outros barcos antigos en que se depositaba a arte do xeito. Emprégase metaforicamente o termo *buque* («embarcado no *buque* pantasma do bachelerato») e a voz culta *navío* (3) para referirse ós *vapore*s do Gran Sol («alixeiran o *navío* que cabecea directo contra Bantri»), pero tamén á *traíña* («esguío e estreito *navío*»).

[9] *Docks* no 1926 na revista *Nós* 32 e na forma galeguizada *doque* en Lesta Meis no 1927.

[10] Segundo Piñeiro / Gómez (2004: 30), nos barcos pesqueiros, o *patrón de pesca* decide o destino, mentres que o *patrón de costa* marca o rumbo e se responsabiliza do barco ata chegar ó caladoiro, onde o patrón de pesca colle o mando do pesqueiro, escolle onde largar o aparello e ordena as manobras. Cando se volve a terra, o patrón de costa de novo vai na ponte, ó mando do barco.

Para a pesca de baixura, ademais da *traíña*,[11] cítanse as *lanchas xeiteiras*;[12] a *lancha* (2), unha referida á que andaba ó xeito e outra ó barco que vixiaba no Gran Sol; o *racú* (3ª doc.) («máis longo e mariñeiro que a lancha»); *dorna* (3), nun caso non se especifica o tipo («dornas varadas nos areales»), noutro dise que é *de tope* (dorna grande (…) tallando o mar co madeiramen *de tope*»)[13] e no terceiro trátase do talasónimo Cocho das Dornas da praia viguesa de Samil; e *gamela* (3), en dous casos trátase da *gamela auxiliar* da traíña e no terceiro («*Gamelas* varadas na area»), seguramente se refira o autor a gamelas coruxeiras, orixinarias da parroquia viguesa de Coruxo, con proa e popa achatadas, con forma de medio hexágono, polo que os mariñeiros din que teñen dúas popas.

Rexístrase o termo *vapores* (2) para a *flota* 'frota' do Gran Sol, e tamén *trasatlántico* 'transatlántico' («ao ver perderse o *trasatlántico* na final da ría, co seu pai no ventre») e *portaavións* (3ª doc.)[14] («acompañados de xentís cazas do *portaavións* de Haiphong»).

Nas partes das embarcacións menciónase *cuberta* (2), *proa* (3), *popa* (3), *timón* 'temón' (4) e *roda do timón*, e o literario *leme* 'temón' con sentido figurado («unha mañán calquera e os republicáns burgueses recuperaron o *leme*»). O máis salientable son os termos populares *arca* (1ª doc.) e *couso* (1ª doc.) para os costados dereito e esquerdo, mirando de popa para proa («De *arca* e mais de *couso* os remos entraban no mar»);[15] porén, nos vapores da altura eses costados desígnanse con *estribor* e *babor* en Méndez Ferrín (2019) («a *estribor* está o fondón, duascentas brazas, viro a *babor*, endereito a Cona da Vella»), pero nas edicións anteriores usara *esquerda* para *estribor*. Outros termos son *poutadas*, *vela* (2), *remo* (5) e *abordo* (5) 'a bordo', en referencia ó interior do barco.

[11] En *Antón e os inocentes* o termo *traíña* designa sempre o barco; o aparello son *redes de cerco*. No TILG documéntanse *traíña* 'barco' e 'aparello' desde finais do séc. XIX; as primeiras documentacións do sinónimo *traiñeira* (barco) son de Valcarce Ocampo no 1901 e de Cabanillas no 1913, que usa *trainera*. No DRAG a entrada *traíña* é para o aparello e *traiñeira* para a «antiga embarcación longa e estreita utilizada para pescar con traíña, que constaba de doce bancos e era movida por vinte e cinco ou trinta remeiros».

[12] A *lancha xeiteira* ou *lancha de relinga* dedicábase á sardiña coa arte do xeito. Perdeu protagonismo coa aparición da traiñeira e logo coa motorización, polo que na década de 1970 estaba case desaparecida, despois de ser o barco máis estendido por toda a costa atlántica galega (Culturmar 2018: 18).

[13] A maioría das dornas (*polbeira*, *xeiteira* e *meca*) constrúense en calime [ou escarva], mentres que a dorna de tope se constrúe coa técnica maioritaria dos outros barcos tradicionais, isto é, «a tope», coas táboas do casco apretadas unhas contra as outras, orixinando un casco con formas redondeadas, lisas e bastante barrigudo (Culturmar 2018: 24).

[14] En Méndez Ferrín (1986, 1989, 2019), *porta-avións*.

[15] En Méndez Ferrín (2019) rexístrase o tamén popular *meo* no canto de *arca*.

Termos relacionados cos barcos de altura son *asteleiros* e *esteleiros* 'estaleiros', *camareta* (2ª doc.), *sirea* 'sirena' (2)[16], *telefonía* (2, 2ª doc.) («A súa voz, a traveso da *telefonía*, instruía a toda a flota do Grand Sole») e o lusismo con tradición literaria *rumo* 'rumbo' (4) («perdidos nun punto sin nome do Atlántico, rumo ao mar céltico»).

Rexístranse accións relativas ás embarcacións como *armar*, *atracar*, *embarcar* (3), *fletar* 'fretar', *navegar* (3) e *varar* (3). Metaforicamente, *levar áncoras* («E tras a fuxida do peixe, a Arousa levou áncoras») pode ser calco do castelán no canto da expresión popular *levantar o risón* coa que se indica que un barco sae do lugar onde estaba atracado.

2.4. Aparellos de pesca

O peixe péscase con *aparello* (8) («a traíña largaba de popa o *aparello*, do que unha gamela auxiliar mantiña un calón»), con *rede* (6) («o xeito era unha *rede* de paradiso perdido») e con *liña* («estirpes requeimadas do norte, encalecidas da liña»).

Na pesca distínguese *baixura*, nas rías ou cerca do litoral, e *altura* (3) ou *pesca de altura* (2), en mar aberto. Nos aparellos da baixura cítase o *xeito* (6),[17] a *volanta* (3ª doc.)[18] e a *raeira* (3ª doc.),[19] e para a traíña as *redes de cerco* (3ª doc.),[20] das que se nomean os *calóns* e as *mallas fecheiras* (1ª doc.). Na pesca da sardiña menciónase a *ardora* («tiros de dinamita, ambición, a *ardora* que se desvía máis e máis da costa»), bioluminiscencia producida pola proliferación do fitoplancto que indica a presenza do peixe.

Nas partes dos aparellos de pesca do Gran Sol a única mención é *porta do aparello* («Contempla a *porta do aparello* arrastrando arreo lama, vida, mariscos, larvas, destroíndo o equilibrio natural coma un arado de morte e de loucura»).

---

[16] Un dos rexistros refírese a unha factoría. En Méndez Ferrín (2019) o termo é *sirena* (3).

[17] O *xeito* é unha rede cun pano preparado para pescar sardiña ou xouba, polo que varía o grandor das mallas. A cacea deste aparello son sempre cinco pezas, armadas cuns fíos postos na parte estreita das pezas. Todo arredor refórzase a rede con outra de pano máis groso, onde van as dúas trallas, a do corcho e a do chumbo (Calo Lourido 1980: 23).

[18] De feitura semellante á do xeito, a *volanta* consta dun só pano coas trallas do corcho e do chumbo, con mallas máis grandes, porque se emprega para pescar pixota e ollomol (Calo Lourido 1980: 26).

[19] De feitura semellante ó xeito e á volanta, a *raeira* ten as mallas moi laxas para tomar raias, rodaballos, linguados e mariscos, sobre todo centola. Leva pouco corcho na tralla superior e moito chumbo na inferior, «porque os peixes que matan están sempre semienterrados na area e, para facelos mallar, ten que quedar o aparello ben caleado e aínda máis, rañar polo fondo ao compás das correntes» (Calo Lourido 1980: 26).

[20] No TILG documéntase *rede de cerco* no 1962 en Xaquín Lorenzo e no 1974 en Ríos Panisse.

Accións referidas ó aparello son *arriar* (2ª doc.),[21] *gardar*, *largar* (2), *manexar* (2ª doc.),[22] *pescar* (2) e *picar* (1ª doc);[23] e para o peixe atrapado na rede, *enmallar* 'mallar'.

2.5. Vento e movemento da auga do mar

Hai moitas ocorrencias do termo *mar* (51) referidas ó vigués e ó arousán, ademais de denominacións como *mar de Vigo*, *mar da Arousa* e *mar céltico*, e neste o *mar das Galiñas* e o *mar do Sindicato*, bautizados polos galegos que pescaban no Gran Sol.

Das moitas das ocorrencias de *vento* (28) só unhas poucas refírense ó mar. Entre os ventos rexístranse o *oeste* e os literarios *norde* e *sul* («os quentes *sules*, os durísimos coitelos do *norde*, as molladas bafaradas do *oeste*»). Tamén se rexistra o popular *norte* (7) para o vento («estirpes requeimadas do norte») e para o punto cardinal («que nos guía entre tanto atolón e me di que o *norte* é iste») ou ben en sentido figurado («Ser patrón de pesca, coma meu abó, foi o seu *norte*»); e *sul* (2) para o punto cardinal.[24] Para o vento moi forte do Cantábrico, que adoita soprar entre o oeste e o noroeste, rexístrase *galernas* («azoutaron cen galernas os atribulados cons viscaínos»).

No relativo á auga do mar hai ocorrencias de *onda* (21) e de *maré* 'marea' (7)[25] para designar os tipos de marea (*maré baixa*, *maré alta*, *maré viva*) e outras, e tamén en sentido figurado («*maré* (…) de batas verdes, azuis», en referencia ás obreiras que saían da fábrica). Rexístrase o popular *devalar* («as augas da maré viva *devalan* lixeiras») e o literario *ronsel* (5) para a marca que no mar o barco vai deixando mar pola popa («a ollada recaída, afundida de meu pai, marca *ronseles*,[26] rumos»), e por extensión, a pegada que deixa algo ó pasar («deixando un *ronsel* de coloña barata, vergoña e medo»).

Hai varias ocorrencias de *sal* (3), e relacionadas con el, *salitre*, *salgada* («unha postiña de carne *salgada*») e *salazón* 'salga' («ergueu fábricas de *salazón* de dura pedra»).

[21] Antes de Méndez Ferrín hai varias ocorrencias no TILG referidas á vela.
[22] Antes de Méndez Ferrín hai ocorrencias no TILG referidas ó temón (Zapata no 1952) e ós remos (Xaquín Lorenzo no 1962).
[23] Antes de Méndez Ferrín hai ocorrencias no TILG referidas ó peixe.
[24] En Méndez Ferrín (2019) rexístrase *sur* (2) para o punto cardinal e no vento «quentes *sal*es», que debe ser gralla por *sules* das edicións anteriores. O plural *sules* só se documenta en *Antón e os inocentes*.
[25] *Maré* é termo de portos do litoral que vai da ría de Pontevedra á Guarda, e tamén do portugués.
[26] *Ronseis* nas tres edicións posteriores da novela (Méndez Ferrín 1986, 1989 e 2019).

2.6. *Costa*, *praia* e *con*

Das ocorrencias do termo *ría* (7), cinco corresponden á de Vigo e dúas á da Arousa; para o litoral rexístrase *costa* (4) e para a beiramar, *ribeira* (4), referida á de Vigo.[27]

As pedras de gran tamaño, especialmente as próximas á costa que sobresaen da superficie da auga, e ás veces só cando devala a marea, noméanse coas formas populares *con* (5), propia das Rías Baixas, e *penedo* (3), pero nunca coa literaria *rocha*.

A extensión de area á beira do mar desígnase con *areal* (5)[28] e *praia* (14), onde pode haber algunha *duna* (3), como na Lanzada e en Samil citadas na novela. O termo *praia* na pesca de altura é o banco de pesca («navegando encol dos fondos que il me tiña dibuxado nun mapiña, '*praia*' por '*praia*', que é como os mariñeiros chaman aos bancos,[29] coa nomenclatura popular dos pescos de Galicia»). Paz (2005: 333) define a *praia* da pesca de altura como «lugar do mar onde se faena, banco ou caladoiro. Fondo arrastrábel».

Hai varias ocorrencias de *illa* (7), algunha con acepción figurada. O termo *atolón* 'atol' («única chama que nos guía entre tanto *atolón* e me di que o norte é este»), que designa a illa coralina en forma de anel cunha lagoa no interior, é a primeira e única documentación do TILG.[30] A forma estándar *atol* usaraa Xavier Queipo no 1995.

2.7. Flora: algas

Na flora rexístrase *argazo* (3) e *oucas* 'algas', termos con moita tradición literaria, o primeiro desde Sarmiento no 1746, e *carrumeiro* (3, 3ª doc.), alga mariña de talo longo e groso e cor castaña, que o cangués Bernardino Graña introduciu no galego literario.[31] Rexístrase *aboiar* (2) referido a esta planta e figuradamente dise da protagonista Narda («morrín, sentinme aboiar no romor da touza»).

---

[27] En todas as edicións sempre está escrito *Ribeira*, con maiúscula, á parte do topónimo arousán Ribeira.

[28] En Méndez Ferrín (2019), *areal* e *areais* (2); nas anteriores edicións, *areal*, *areás* e *areales*.

[29] En Méndez Ferrín (2019) engadiuse *areosos* a *bancos*, adxectivo ausente das anteriores edicións; por outra parte, na ed. do 2019 o pronome suxeito é *el*, e non o lucu-auriense *il*.

[30] No 1926 na revista *Nós* 32 documéntase *attolls*.

[31] Para a *Laminaria digitata*, Ríos Panisse (1983: 59-61) anotou *carrumeiro* en Bouzas e Cesantes, na ría de Vigo; *gholfeiro* en Mogor (Marín) e Cangas do Morrazo; *gholfo* en Portonovo, Cambados, O Grove, Muros, Malpica, Cedeira e noutros portos; *alghazo* en Cariño e Bares, *olghazo* en Viveiro… Ademais, indica que outros autores recolleron *carromeiro* e *carrumeiro* en Cangas, sen especificaren nome científico, pero cre que corresponden a *Laminaria digitata* e *Laminaria saccharina*. O cangués Bernardino Graña incluíu *carrumeiro* no apéndice de nomes mariñeiros do seu poemario *Profecía do mar* (1966).

2.8. Fauna

2.8.1. Invertebrados

Rexístrase o termo *marisco* describindo a pesca de arrastre no Gran Sol («arrastrando arreo lama, vida, *mariscos*, larvas, destruíndo o equilibrio natural coma un arado de morte e de loucura»); pero o único que se menciona é *cáncaro*[32] (1ª doc.), centola macho en Cangas de Morrazo. Outros invertebrados son a popular *miñoca*, que as gaivotas procuraban cerca do mar en prados do río Lagares do barrio vigués de Coia, e o cultismo (ou castelanismo) *medusa* (2ª doc.), coa 1ª documentación do TILG no 1914 en Pondal.

2.8.2. Peixes

Presenta bastantes ocorrencias o termo *peixe* (15). O cardume ou conxunto de peixes que van xuntos en gran número e que se pescan co cerco de xareta (a sardiña, o xurelo, o bocarte ou o robalo), con arte de enmalle (a sardiña e a xouba) e con outras artes, en *Antón e o inocentes* denomínase *manada* 'manda' (4)[33], única documentación relativa ós peixes no TILG[34], onde a maioría das ocorrencias se refiren a lobos, vacas, ovellas e cabalos. Outros termos para o cardume son *banco*, *bando de peixes*,[35] que é a única documentación no TILG, e *bandada* (2ª doc.), moi documentada referida ás aves.[36]

Entre os peixes rexístrase *anguía* (3), *bogóns* (2ª doc.)[37], *carioca* (3ª doc.) para a pescada pequena, *chinchos* (1ª doc.), *dema* (1ª doc.)[38], *lamprea*, *maragota*, *ollomol*, *panchos*, *sardiña* (7) e *xarda* (2), e tamén o lusismo *carapao* (3, 1ª doc.)[39].

---

[32] *Cáncamo* en Bueu é centola macho e en Panxón designa o boi de Francia (Ríos Panisse 1977: 25 e 35).

[33] O castelanismo *manada* recolleuse en Cangas e Panxón; o termo *mada* en San Cibrao, Cedeira, Muxía, Sardiñeiro, Portosín e Ribeira; *mada de peixe* en Foz e *manda* en Laxe (Fernández Rei 2005: 349-350).

[34] No TILG rexístrase *manada* referida a cetáceos no 1989 en Penas Patiño e Piñeiro Seage.

[35] *Banco* recolleuse en Tapia de Casarego, Sada, Malpica, Ribeira e Cambados e *bando de peixe* en Ortigueira (Coaña) (Fernández Rei 2005: 349-350).

[36] Antes de Méndez Ferrín, referido ó mar, no TILG documéntase *bandadas de peixes* en Paz Míguez no 1936 e *bandadas de camarón* en Xaquín Lorenzo no 1962.

[37] O peixe *Atherina presbyter* denomínase *boghón* en Bouzas, Cangas de Morrazo, Panxón, Cesantes, Mogor e Vilanova da Arousa; noutros portos coñécese como *piarda* (e variantes) e *pión* ou *pión* (Ríos Panisse 1977: 249-251). *Agentina sphyraena* denomínase *boghón* en Panxón e A Guarda; *boghón bravo* en Cangas de Morrazo; *boghón de altura* en Bouzas, Cangas en Panxón… (Ríos Panisse 1977: 215-217).

[38] Peixe parecido ó lorcho que só se rexistrou en Cangas de Morrazo para *Blennius gattorugine* e *Blennius sanguinolentus* (Ríos Panisse 1977: 377-384).

[39] En Vilanova dos Infantes dise *xerelo* e *carapao*, voz que debeu traer xente que estivo no Brasil, segundo información que me deu o propio Méndez Ferrín, con casa nese lugar ourensán de Celanova.

2.8.3. Aves e mamíferos

Nas aves mariñas anotouse *arau* 'arao' (2, 3ª doc.), *carráns* (2ª doc.), *mascato* (2), *gavota* (6) e *gavotiñas-novas*, *maroto* (2, 1ª doc.),[40] termo que designa o macho da gaivota entre os mariñeiros de Marín (García 1985: 460).

Nos mamíferos mariños figuran *arroaz* (4),[41] *delfínidos*,[42] *toniñas*,[43] *foca*[44] e *londra* (7).[45]

Rexístrase *plankton* 'plancto'[46] como alimento de aves e mamíferos mariños («Mesmo os paxaros do mar, e mais os delfínidos, emigraban da grande poza de vida mesta, ollo que fora turbo de *plankton*»).

2.9. Outros termos

O latinismo *acuarium* 'acuario' («coma se os barcos atracados, toda a ría, o ir e vir dos mariñeiros, o cheiro a peixe descomposto, estiveran contados nun xigantesco *acuarium*») ten a 1ª documentación no TILG, e o mesmo o anglicismo *lock-out* (2) 'feche patronal' («Ao mesmo tempo en que a patronal de Vigo [no 1935] declara o *lock-out* mariñeiro e os tiros atravesan a rúa do Príncipe —xa sabes, o atentado a Paz Andrade»).

Outro termo é *avante*, catalanismo náutico usado con acepción figurada («Lograda ista [a Folga Xeral], o chouto cego avante produciríase un día»).

3. CABO

No limiar «Ao leitor» (Méndez Ferrín 1986: 10-11), o autor manifestaba que quería cambiar paradigmas da literatura galega levando ás súas páxinas a Galicia urbana e industrial, neste caso Vigo, e, se cadra, «os escritores bons galegos (que sempre andan de costas ao mariñeiro e aos oficios manuais de terra) ben poderían sentirse estimulados a facer romances navais ou tocantes ao mundo do traballo».

---

[40] *Marotos* rexístrase en todas as edicións; pero *maroto* da frase «ergue o voo coma o maroto» de Méndez Ferrín (1976, 1986 e 1989) é substituído por *mascato* en Méndez Ferrín (2019).

[41] Na ed. do 1976, *arroaz* (2), *arroás* e *arroace*s; nas outras, *arroaz, arroás* (2) e *arroace*s. O termo *arroás* (e variantes) é xeral no litoral galego para *Pseudorca crassidens*: na ría de Viog, *arroás* en Cesantes e *arruás* en Bouzas e Cangas, e en Panxón na ría de Baiona (Ríos Panisse (1983:15).

[42] Nas outras edicións (Méndez Ferrín 1986, 1989, 2019) aparece *golfiños*, e non *delfínidos*.

[43] *Toniña*, *toliña* e variantes son as formas comúns no litoral galego para *Phocaena phocaena*: *toniña* en Bouzas, Cangas, Panxón e Cesantes (Ríos Panisse (1983:13-14). Nestes portos non se recolleu *golfiño*.

[44] Para *Phoca vitulina* Ríos Panisse (1983:12) recolleu, entre outras denominacións, *lobo* en Cangas de Morrazo, *lobo marino* e *vaca marina* en Panxón.

[45] Para *Lutra lutra* Ríos Panisse (1983:17-18) recolleu *londra* en Bouzas, Panxón e Cesantes e *lontra* en Cangas de Morrazo.

[46] *Plancton* nas tres edicións posteriores (Méndez Ferrín 1986, 1989, 2019).

En *Antón e os inocentes* queda ben reflectido Vigo, cidade urbana e portuaria, como queda a pesca de baixura co relato histórico da Guerra da Traíña na ría da Arousa e a pesca de altura no Gran Sol, onde faenaban barcos galegos con base en Bouzas. A dureza da pesca nese farturento caladoiro do Atlántico norte, ó suroeste de Irlanda, é un grande atractivo nas letras galegas das últimas décadas, e esta obra de Méndez Ferrín foi pioneira. Por outra parte, a batalla de Dien-Bien-Phu, na que participou Antón Carballo, é a primeira fazaña bélica moderna da literatura galega.

Moito léxico do mar da novela é común no litoral galego e tiña presenza, en maior ou menor medida, no galego literario; con todo, o autor introduce un bo quiñón de formas populares da xente mariñeira, entre outras, *arca* e *couso* (estribor e babor), *chapela* (pucha dos vascos), *cáncaro* (centola macho), *maroto* (macho da gaivota) e os peixes *chincho*, *dema* e *carapao*, ademais do latinismo *acuarium* e do anglicismo *lock-out*.

A carón destas primeiras documentacións no TILG, outros termos teñen neste corpus a 2ª ou 3ª documentación; é o caso, p. ex., de *volanta* e *raeira* (aparellos), *racú* e *portaavións* (barcos), *camareta* (cámara dun barco), *carrumeiro* (alga), *bandada* (de peixes), *bogón* e *carioca* (peixes), *carrán* e *arau* (aves mariñas), *colla* (estibadores do porto), o catalanismo *molle* (peirao) e o anglicismo *docks* (dársenas).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

CALO LOURIDO, Francisco (1980): *As artes de pesca*. Santiago [de Compostela]: Museo do Pobo Galego.

CULTURMAR / FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, Víctor (2018): *Embarcacións tradicionais de Galicia*. Deputación da Coruña e Culturmar.

DOMÍNGUEZ GARCÍA, Helena (2025): «Cada pedra con cadanseu nome: talasónimos xenéricos da ría de Arousa», *Nova Ardentía. Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial*, 17, p. 121-124.

DRAG = GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (dir.): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. https://academia.gal/dicionario. (Consulta: 22/12/2025).

FERNÁNDEZ REI, Francisco (2005): «*Cardumes, barrías* e *manchas* de peixe en galego e portugués", en BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel / COUCEIRO PÉREZ, Xosé Luis / FERNÁNDEZ REI, Francisco (ed.): *As tebras alumeadas. Estudos filolóxicos ofrecidos en homenaxe a Ramón Lorenzo.* Santiago de Compostela: Universidade, p. 347-363.

FERNÁNDEZ REI, Francisco (2025): «Mar e léxico mariñeiro en *Antón e os inocentes* de X. L. Méndez Ferrín», *Nova Ardentía. Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial*, 17, p. 125-129.

GARCÍA, Constantino (1985). *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.

MÉNDEZ FERRÍN, X. L. (1976): *Antón e os inocentes*. Monforte de Lemos: Xistral.

MÉNDEZ FERRÍN, X. L. (1986) [1976]: *Antón e os inocentes*. Santiago de Compostela: Medusa / Sotelo Blanco. [2ª ed. en Medusa / Sotelo Blanco, 1989].

MÉNDEZ FERRÍN, X. L. (2019) [1976]: *Antón e os inocentes*. Edición e introdución de Antón Blanco Casás. Vigo: Xerais.

PAZ, Xabier (2005): *Follas da bacallau*. Vigo: Xerais.

PEREIRA, Dionísio (2010): *Loita de clases e represión franquista no mar (1864-1939)*. Vigo: Xerais.

PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, Esperanza / GÓMEZ BLANCO, Andrés (2004)*: Homes de ferro en barcos de madeira. Aqueles pescadores de A Coruña*. Puerto de A Coruña. Autoridad Portuaria de A Coruña / Caixanova.

RÍOS PANISSE, Mª del Carmen (1977): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I Invertebrados y peces. Con anotaciones etimológicas por Antonio Santamarina.* Anexo 7 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidad.

RÍOS PANISSE, Mª del Carmen (1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia II. Mamíferos, aves y algas*. Anexo 19 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.

TILG = SANTAMARINA, Antón (dir.) / GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto / ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María: *Tesouro informatizado da lingua galega* (versión 4.1). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. https://ilg.usc.gal/TILG (Consulta: 22/12/2025).